



PERDERÁ PONTEVEDRA CHEIROS E FUMES?

Rematou a parada técnica de ENCE e hai que recoñecer que “durante a parada”, houbo menos fumes e os cheiros foron menos perceptíbeis do que son a cotío. Neste sentido, cumpriron a súa promesa de “aproveitar a parada técnica para reducir fumes e cheiros”. Outra cousa ben distinta será o que pase de agora en adiante, en canto comencen de novo a produción; volverán fumes e cheiros a invadir o noso ceo e as nosas pituitarias? Moito nos tememos que será así! Porque temos memoria e non esquecemos o que ten pasado noutras ocasións nas que desde a empresa se fixeron promesas semellantes. En que rematou senón aquela pomposa campaña na que baixo o lema “NOS VAMOS A DAR DONDE MÁIS NOS HUELE” prometían hai xa uns 20 anos a eliminación definitiva dos cheiros? Agás que se trate dun malentendido e estivesen a falar de DARSE NO SEU NARIZ (nese caso debemos recoñecer que a victoria foi innegábel!), estamos diante dun dos mais olorosos fracasos na historia de ENCE!. Pero non hai tanto tempo prometían “DESDE MAÑANA DEJAREMOS DE OLER”; de ser certo, qué cheiros queren eliminar agora? Sen comentarios!.

E resulta sarcástico que unha empresa condenada por delicto ecolóxico continuado, que como agora negaba daquela o incumprimento da lexislación; que ten conseguido poñer de acordo a todas as forzas políticas da comarca (e a moitos sindicatos) que esixen a saída de ENCE de Lourizán con anterioridade ao 2018; que ten levantado en pé de guerra aos madeireiros polo baixo prezo da madeira, e aos propios traballadores da fábrica en loita polos despedimentos; que recorre agora o auto do Xulgado nº 2 de Pontevedra que non admite a trámite a súa querela contra a APDR por considerar que nos limitamos a exercer o noso dereito á liberdade de expresión; que utilizan unha e outra vez a presión intimidatoria, a chantaxe pura e dura, contra a cidadanía e á administración; que, en definitiva, agrede continuamente o medio ambiente, os recursos naturais, a saúde e a calidade de vida,..; resulta sarcástico, insistimos, que diga agora que recoñece os seus erros, que pretenda así –cunha nova operación de lavado de imaxe- xustificar a súa permanencia en Lourizán mais alá do 2018!.

Pero agora é tarde de máis e xa ninguén admite chantaxes nin promesas incumpridas!. Trátase agora de facer realidade un desexo unánime, a desaparición inmediata dun monstro que está a impedir o desenvolvemento económico sustentábel da nosa comarca, dun monstro que está a dar os seus últimos estertores. Nese momento, e non antes, será realidade a eliminación de cheiros e fumes.

Pontevedra, 12 de marzo de 2012

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR.